



Anuncio

O Pleno Corporativo, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 28/05/2026, adoptou o seguinte acordo:

4.- APROBACIÓN DA PRESCRICIÓN DE OBRIGAS DE PECHADOS POR DEVOLUCIÓN DE INGRESOS.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos once (11) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte acordo:

Expediente núm.: 2026/X998/000025

Proposta de Acordo para ser ditaminado pola CIACP

Procedemento: Prescrición de obrigas recoñecidas e/ou ordenadas por DI

<<O Pleno Corporativo, órgano competente para a adopción do presente acordo, adopta o mesmo en base aos seguintes antecedentes administrativos e fundamentación xurídica:

Antecedentes Administrativos:

Primeiro: O día 24/03/2026 iniciouse o procedemento para declarar a prescrición de obrigas recoñecidas e/ou ordenadas por Devolución de Ingresos, detalladas pola Intervención, na súa comunicación de data 24/03/2026, por un importe total de **50,28 euros**, que poden estar afectadas polo instituto da prescrición, por transcorrer o tempo máximo previsto para a súa esixencia:

Nº Operación	Fase	Data	Aplicación	Terceiro	Nome Ter.	Texto	Importe
120180001392	DI	01/01/2026	39900	***1891**	CIPRIANO NEO VÁZQUEZ	DEVOLUCIÓN POR INGRESO MAIOR O CORRESPONDENTE	50,28

Segundo: O día 24/03/2026, emitiuse informe pola Secretaría-Intervención sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir, no que sinala: *Á vista dos antecedentes expostos e da normativa aplicable, esta funcionaria considera que se dan os requisitos para prescribir as obrigas recoñecidas pendentes de pago e/ou ordenadas, polo transcurso do prazo de 4 anos, dende o recoñecemento da obriga (25/10/2018), sen que conste o exercicio de dereito algún por parte dos titulares a esixir o seu pagamento.*

Terceiro: O día 24/03/2026, mediante Resolución da Alcaldía núm. 179/2026 aperturouse un período de información pública de 10 días hábiles, mediante:

- Publicación na Sede Electrónica o día 25/03/2026
- Publicación no BOP núm. 59 do 30/03/2026

O período de información pública rematou o día 16/04/2026, e non consta a presentación de ningún tipo de emenda, observación ou alegación.

Fundamentación Xurídica:

Primeiro: O artigo 25.1 da Lei Xeral Orzamentaria, de xeito específico para as obrigas a cargo das Facendas



Públicas, establece que prescribirá aos catro anos:

"b) O dereito a esixir o pago das obrigas xa recoñecidas ou liquidadas, se non fose reclamado polos acredores lexítimos ou os seus dereitohabentes. O prazo contarase desde a data da notificación, do recoñecemento ou liquidación da respectiva obriga".

Segundo: O prazo de prescrición comeza a contarse, desde a data do recoñecemento da obriga, transcorrendo para máis de 4 anos dende entón.

Terceiro: Non consta ningunha acción por parte dos acredores, que de acordo co artigo 1973 do Código Civil, puidesen supoñer a interrupción do dito prazo de prescrición.

Cuarto: Sendo que se someteu o expediente a un trámite de audiencia aos interesados, mediante publicación de anuncio no Taboleiro Electrónico e publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia; sen que conste a presentación de ningún tipo de emenda, observación ou alegación.

Á vista dos antecedentes e fundamentos xurídicos expostos, este Pleno Corporativo **ACORDA:**

PRIMEIRO: Declarar a prescrición de obrigas recoñecidas e/ou ordenadas por devolución de ingresos, polo transcurso do prazo de 4 anos sen exercitarse dereito algún por parte dos titulares a esixir o seu pagamento e, en unidade de acto, aprobar o correspondente expediente de prescrición por un importe total de **50,28 €**, segundo o seguinte detalle:

Nº Operación	Fase	Data	Aplicación	Terceiro	Nome Ter.	Texto	Importe
120180001392	DI	01/01/2026	39900	***1891**	CIPRIANO NEO VÁZQUEZ	DEVOLUCIÓN POR INGRESO MAIOR O CORRESPONDENTE	50,28

SEGUNDO: Declarar extinguidas as obrigas recoñecidas e/ou ordenadas e proceder á súa correspondente baixa na contabilidade municipal.

TERCEIRO: Publicar este acordo na sede electrónica municipal e no BOP co réxime de recursos aplicables.

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses a contar dende a publicación deste anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Previamente cabe interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o Pleno Corporativo, no prazo dun mes a contar dende a publicación deste anuncio, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común.

Lousame, a 29 de maio de 2026

O Alcalde, Esteban Ares García